

Acta reunión grupos de trabajo Monte Alto 26-III-2012

Orde do día

- 1- mercado de troco.**
- 2- piquetes e folga xeral do 29.**
- 3- Proposta de boicot.**
- 4- asemblea popular de MA**

1- mercado de troco.

31 de marzo ás 12:00 no Campo de Marte.

As cousas están en Agra (enviar mail pedindo que as traia).

Cartaces se reparten mañán na reunión da plataforma Robin Hood ás 20:30 na AV de Monte Alto. Enviarase mail para que a xente vaia recolellos.

Falouse de mirar de darlle unha volta ó tema do mercadiño de troco (mais info,etc.).

Falouse de intentar contactar con familias necesitadas (p.ex caso nos Castros) para que leven enseres ó termina-lo mercado.

2- piquetes e folga xeral do 29.

Martes 27 ás 20:30 na AV de Monte Alto reunión convocada pola plataforma Robin Hood. Comentar que hai xente que envía notas á prensa sen criterio nin veracidade (nota Ideal Gallego).

Imos acudir varios do grupo de MA.

Mércores 28

21:00 quedada diante da AV de Monte Alto

21:45 ZARA Loxística

23:30 Attento (Juan Flórez)

(despois o recorrido normalmente é basuras, panaderías na Grela e mercado de frutas. Xa nos coordinaremos cos demais grupos)

Xoves 29

11:00 central de Novagalicia Banco en r/Nova

12:30 Manifestación dende Praza de Portugal

14:00 comida Obelisco para organiza-lo da tarde: Eurocen, Attento, Sykes, ou tal vez de novo NGBanco ou as áreas comerciais grandes. Cremos que é mellor deixa-lo pequeno comercio.

Vaise propor ós sindicatos (fora da reunión con Robin Hood) paraliza-las Xubias e Alfonso Molina con coches a 40km/h o xoves 29 sobre as 8:00 da mañán.

Proporemos á Rede leva-lo distintivo 15M

Recomendan levar chaleco reflectante e documentación!

Aproveita-los tempos mortos mais longos para ir ás casas.

3- Proposta de boicot.

comézase a falar de organizar boicot a empresas clave (Gadisa, Mercadona, Inditex, Ikea,...) pedindo non consumir nela (motivos). Somentes a unha delas (Inditex parece o mellor exemplo do que rexeitamos) e non somentes un día senón mantelo no tempo.

Cómo se mide para valora-lo éxito?

Gradual.

Coñecer movementos similares (Ropa Limpia p.ex.)

Recopilar casos concretos de boicots exitosos.

Plantealo no resto de grupos de barrio para comezar a traballalo.

4- asemblea popular de MA

postpuesta para xoves 12 de Abril.

Título da charla para o cartel? Preguntar por mail. Con tempo para o mercadillo do 31.

- varios

escrito conxunto con Proxecto Cárcere para solicita-lo local da AV de Monte Alto para reunións, dado que tamén llelo ceden á plataforma Robin Hood, e moitos do noso grupo son socios.

recibidas contestacións ás reclamacións personais efectuadas no Centro Cívico de Monte Alto no seu día. Falase de bombardear as contas de mail e facebook do alcalde e do centros cívicos con comentarios críticos.

-nos tomamo-la semana santa libre

-boletín?? cómo vai? Artículo Che, 25 Marzo, 29 de Marzo, Centro cívico,...

-ILP sanidade: despois da folga falaremos de colocar mais mesas.

-12 maio: comezar a estudar esloganes, carteles,... como xa se comentara en IB. Comunicado debería estar listo polo menos dúas semanas antes.

-Insistir ás demais asembleas a pronunciarse xa sobre desvinculación do grupo dos Mallos (nota Ideal Gallego).